



Severino Álvarez Monteserín, secretario do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do dezasete de xullo de dous mil catorce, aprobou o seguinte acordo:

“Ao abeiro da alínea Dous.I) da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, engadida pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modifícanse os apartados 5) e 6) dos acordos do Consello Dirección de Agader do 25 de marzo de 2013 sobre Mobilidade de Terras, que quedan redactados como segue:

5) e 6) Aos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia seralles de aplicación a Orde do 19 de maio do 2014 (DOG Núm. 106, do 05.06.2014) ou norma que a substitúa, modifique ou complemente.

Nas solicitudes de cesión temporal de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia, para un destino ou aproveitamento forestal madeireiro e/ou de biomasa forestal, ambiental, paisaxístico, de custodia do territorio, de conservación da natureza ou para outros usos vinculados a estes, para as especies e distritos forestais previstos na Orde do 19 de maio de 2014, indicárase a especie e o código do modelo silvícola do Anexo I da Orde polo que se opta.

Non se cederán temporalmente predios para a plantación de especies incluídas na Orde en distritos non contemplados nos modelos silvícolas da Orde.

De tratarse de especies non incluídas no Anexo I da Orde, presentarase unha memoria ou plan de acción, explotación ou actuación sobre o predio solicitado, que deberá ter o mesmo esquema de contidos e estrutura dos modelos silvícolas da Orde.

A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia poderá requirir toda aquela documentación técnica e xurídica que precise para determinar de xeito inequívoco a acción, explotación ou actuación que a persoa solicitante vai realizar no predio en cuestión, que será considerada como condición esencial da dita adxudicación e do negocio xurídico baixo a cal se formalice a dita cesión.

Formalizado o documento de cesión temporal, a adhesión a que fai referencia o artigo 7 da Orde do 19 de maio, será obrigatoria para a persoa beneficiaria da cesión, que deberá realizar a comunicación de adhesión, nos termos previstos na Orde, no prazo máximo de 12 meses dende a entrada en vigor da cesión temporal. O seu incumprimento será causa de resolución do negocio xurídico.

galicia




Dita adhesión non procederá de tratarse de especies non incluídas no Anexo I da Orde por canto non lles é de aplicación a dita Orde”.

A acta do citado Consello de Dirección está pendente de aprobación nunha xuntanza posterior.

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a dezasete de xullo de dous mil catorce.

Vº e praxe

A presidenta de Agader



Rosa María Quintana Carballo



O secretario do Consello de Dirección



Severino Álvarez Monteserín